

ORDENANZA FISCAL QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE VILALBA.

Artigo 1- Fundamento e Natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da *Constitución* e polo artigo 106 da *Lei 7/1985*, do 2 de abril, *reguladora das bases de réxime local*, de conformidade co que se dispón nos artigos 15 e 19 da *Lei 39/1988*, do 28 de decembro, *reguladoras das facendas locais* e o que se establece na *Lei 25/1998*, do 13 de xullo, este concello establece a "taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas desta atenden ó que se prevé no artigo 58 da citada *Lei 39/1988*.

Artigo 2- Feito Impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa, a prestación do servizo de axuda no fogar ós seus beneficiarios, regulado na ordenanza publicada no *BOP*, o 30/12/1998.

Artigo 3- Suxeito Pasivo.

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada na presente ordenanza os beneficiarios da prestación do servizo e nas condicións que se establecen nela.

Artigo 4- Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da *Lei xeral tributaria*.

Artigo 5- Exencións.

a) Estarán exentos do pagamento da cota, aquelas unidades familiares que teñan unha renda per cápita inferior ó 50% do salario mínimo interprofesional, tal e como

establece a Orde, do 22/7/1996, reguladora do servizo de axuda no fogar.

- b) Estarán exentos do pagamento da cota temporalmente, aqueles beneficiarios para os que a alta no servizo se trate como unha cuestión de especial urxencia na que prime a protección da persoa, e na que non se considere oportuno plantexar o pagamento da cota, sempre que así sexa acordado a proposta do concelleiro/a delegado/a de servizos sociais, despois do informe do traballador social e da comisión informativa de servizos sociais. En todo caso, a duración da exención dependerá da evolución da situación, acordándose o establecemento da cota no momento en que se considere oportuno e sempre a proposta do concelleiro/a delegado/a de servizos sociais despois do informe do traballador social e da comisión informativa de servizos sociais.
- c) Estarán exentos do pagamento da cota temporalmente, e nunca por un período superior a 6 meses, aqueles beneficiarios que necesitando o servizo prescindan del, xa que polas súas circunstancias socioeducativas non acepten o pagamento da cota, sempre que así sexa acordado a proposta do concelleiro/a delegado/a de servizos sociais, despois do informe do traballador social e da comisión informativa de servizos sociais.

Artigo 6- Cotas:

A cota a achegar polos beneficiarios do servizo será unha porcentaxe sobre o custe da hora, establecéndose o prezo dela en 4,96 € para o ano 2005 e incrementándose anualmente segundo o IPC.

6.1- Para establecer a contía da cota terase en conta a renda familiar mensual, e para o seu cálculo aplicarase a seguinte fórmula:

Renda familiar mensual = ingresos familiares mensuais - gastos.

Considéranse:

- a) **Ingresos familiares mensuais:** o total de ingresos mensuais obtidos pola unidade de convivencia.

Para o cálculo deles teranse en conta os seguintes aspectos:

Todos os ingresos que a unidade familiar perciba por calquera concepto. Considerándose os ingresos líquidos.

No caso de ingresos derivados de pensións non se prorratearán as pagas extraordinarias.

No caso de ingresos derivados de capital mobiliario teranse en conta os intereses bancarios brutos.

Con carácter excepcional terase en conta o valor de bens patrimoniais, así como os ingresos que se consideren de difícil cálculo, cando así sexa acordado a proposta do concelleiro delegado de servizos sociais, despois do informe do traballador social e da comisión informativa de servizos sociais.

- b) **Gastos:** Para o seu cálculo teranse en conta os relacionados co aluguer de vivendas e aqueles derivados do pagamento ou amortización de préstamos para a adquisición da primeira vivenda.

Con carácter extraordinario terán tamén a consideración de gastos, aqueles que deriven de circunstancias especiais, sempre que así sexa acordado a proposta do concelleiro delegado de servizos sociais, despois do informe do traballador social e da comisión informativa de servizos sociais.

6.2- Para o cálculo da porcentaxe da cota que a cada beneficiario lle corresponda segundo os seus ingresos familiares, aplicaranse os seguintes baremos:

TAXA DE AXUDA A DOMICILIO

S.M.I= 513 € (ano 2005)

MÁXIMO: 198,40 €.

PREZO HORA: 4,96 €.

20 DÍAS

PERSOAS QUE VIVEN SOAS

< 75% DO S.M.I. = GRATUÍTO	< 384,75 = GRATUÍTO
75% - 80% do S.M.I.	384,76 a 410,40=10%(19,84 €)
80% - 90% do S.M.I.	410,41 a 461,70 = 20%(39,68)

90% a 100% do S.M.I	461,71 a 513 = 30% (59,52)
100% - 125% do S.M.I	513,01 a 641,25= 40%(79,36)
125% - 150% do S.M.I	641,26 a 769,50= 50%(99,20)
150% - 175% do S.M.I	769,51 a 897,75= 60%(119,04)
175% - 200% do S.M.I	897,76 a 1026 = 75%(148,80)
>200% do S.M.I	>1026,01 = 100% (198,40)

CONVIVENCIA DE 2 MEMBROS

< 100 do S.M.I. = Gratuito	<513 = Gratuito
100% - 125% do S.M.I	513,01 a 641,25= 10%(19,84)
125% - 150% do S.M.I	641,26 a 769,50= 20%(39,68)
150% - 175% do S.M.I	769,51 a 897,75= 30% (59,52)
175% - 200% do S.M.I	897,76 a 1026= 40%(79,36)
200% - 225% do S.M.I	1026,01 a 1154,25=50%(99,20)
225% - 250% do S.M.I	1154,26 a1282,50=60%(119,04)
250% - 280% do S.M.I	1282,51a1.436,40=75%(148,80)
>280% do S.M.I	>1.436,41 = 100%(198,40)

CONVIVENCIA DE 3 MEMBROS (estarán exentos os usuarios que teñan unha renda per-cápita inferior ó 50% do S.M.I).

< 150 % do S.M.I = Gratuito	< 769,50 = Gratuito
150% - 175% do S.M.I.	769,51 a 897,75= 20%(39,68)
175% - 200% do S.M.I	897,76 a 1026 = 30%(59,52)
200% - 225% do S.M.I	1026,01a 1154,25= 40%(79,36)
225% - 250 % do S.M.I.	1154,26 a 1282,50=50%(99,20)
250% - 280% do S.M.I	1282,51a1436,40=60% (119,04)
280% - 320% do SMI	1436,41a1641,60=75%(148,80)
>320% do SMI	>1641,61 = 100%(198,40)

Artigo 7- Obriga de Pagamento.

A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace desde que o interesado sexa beneficiario do servizo de axuda no fogar, e permanecerá mentres dure a súa prestación.

O interesado aboará nos 10 primeiros días do mes seguinte á prestación do servizo as cotas que lle correspondan segundo a presente ordenanza. En caso do impago destas, procederase segundo o que se establece no artigo 11 da

ordenanza publicada no *BOP* o 30/12/1998 que regula a prestación do servizo de axuda no fogar.

8- DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor a partir da súa publicación definitiva no *BOP*, será de aplicación a partir do día 1/9/2000 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Esta ordenanza foi modificada no artigo 6 e a dita modificación, xa introducida neste texto, e publicada no *Boletín Oficial da Provincia* do 23 de maio de 2005, entrou en vigor a partir desta publicación, será de aplicación a partir do día 1/1/2005, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.